

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE ABRIL DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/743/2009.- Casa das Crechas, S. L., representada por D. Victor Manuel Bello Cortizo.- Legalización da ampliación da planta do soto do local sito na rúa Vía Sacra nº 3

Lic/300/2009.- Emuvissa.- Aprobar o anteproyecto presentado en cumprimento do disposto no punto 13 da ordenanza 1 do Plan de Sectorización do SUNP-14, que condiciona a concesión de licenzas nas parcelas ER1 e ER8 de dito ámbito.

Lic/1999/2008.- María Elena Burke Torreira.- Vivenda unifamiliar na rúa Volta do Castro nº 59.

PRORROGAS.-

Lic/372/2008.- Residencial Cambrils, S. A.- Rexeitar a solicitude de prórroga ou modificación do prazo establecido para a construción dun edificio na rúa do Avío nº 27 e INCOAR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DA CADUCIDADE contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2.008.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

746/09.- María del Pilar Moure Mariñas.- Expte. Lic/2026/03 1.625 €-

662/09.- Manuel Rodeiro Tato.- Expte. Lic/147/1993 3.375,94 €-

APERTURAS.-

Lap/133/2007.- Jesaport, S. L.- Apertura de nave almacén en polígono de Boisaca Parcelas C3 - C4 - C5 E C6.

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LAP/110/2007-LIC/666/2007 .- REY REY Y ASOCIADOS SC.- Licenza de obras e apertura para centro de día en rúa de Muros, 114

LIC/661/2008 .- OSCAR VIDAL PENA.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar en rúa Bonaval nº 18.

LIC/2622/2007 .- ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Derribo de vivenda unifamiliar en rúa Sar, 34

LIC/2623/2007 .- ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Construción de vivenda unifamiliar en rúa Sar, 34

LIC/1369/2008 .- MARGARITA PAJARO DIEGUEZ.- Sustitución de duberta de edificio en rúa de Sar, 83.

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO PREVIA A CONCESIÓN DE LICENZA.

LIC/327/2008.- MARÍA ISABEL MARTÍNEZ GIRÓN.- Rehabilitación de vivenda no lugar da URCEIRA-O EIXO.

DISCIPLINA

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

DIS/17/2009.- Devolución da fianza depositada por Dna. María de las Mercedes Vaamonde Balado., en garantía da ocupación da vía pública con andamio. O importe da fianza é de 601€.

DIS/163/2009.- Devolución da fianza depositada por Construcciones y Reformas Fagari, en garantía da ocupación da vía pública con andamio. O importe da fianza é de 601€.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 3.395 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao abono de bolsas de comedor escolar.

Apróbase o abono de bolsas de comedor escolar a 7 colexios correspondente ao mes de marzo por importe de 1976 euros e a 3 colexios correspondente ao mes de febreiro por importe de 459 euros.

7 a 74.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público ou por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

75.- Proposta da alcaldía relativa á denominación dun parque.

Acórdase nomear como "Parque José "Zeca" Afonso" o terreo ubicado na avenida Burgo das Nacións.

76.- Dar conta de corrección de erro no punto número 6 da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2009.

Dáse conta da corrección do devandito erro, relativo ao aboamento de horas extraordinarias a persoal municipal.

77.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á emenda de escritura e corrección de erro material no Proxecto de equidistribución do solo urbanizable non programado número 13 (SUNP-13). Estrada da Estrada.

Dáse por cumprimentada a condición sinalada no acordo de aprobación definitiva do proxecto de equidistribución do SUNP-13 en virtude da presentación da escritura de emenda e rectifícase un erro material na descrición das parcelas.

78.- Servizo de explotación do Centro de Coñecemento do Medio rural de Portela, situado na Parroquia de Figueiras.

Iníciase o expediente.

79.- Adxudicación de diversas obras incluídas no FIL.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reurbanización da rúa Xeneral Pardiñas (tramo Montero Ríos-Carreira do Conde) á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 603.448,28 euros máis IVE e un prazo de execución de 4,5 meses. Nesta obra ocuparanse 52 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 29 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reurbanización da rúa Gómez Ulla á empresa OVIGA, S.L., por importe de 362.237,19 euros máis IVE e un prazo de execución de 3 meses e 18 días. Nesta obra ocuparanse 43 persoas, das que 41 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reurbanización da rúa Laverde Ruíz á empresa OVIGA, S.L., por importe de 267.504,13 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reurbanización da rúa Santiago de Guayaquil á empresa OVIGA, S.L., por importe de 241.491,46 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reurbanización da rúa Neira de Mosquera á empresa OVIGA, S.L., por importe de 237.832,21 euros máis IVE e un prazo de execución de 2

meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de integración paisaxística do entorno do Camiño Francés na N-634 á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 310.590 euros máis IVE e un prazo de execución de 5,4 meses. Nesta obra ocuparanse 32 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 9 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de rehabilitación e sinalización do Camiño Francés a Santiago no Concello de Santiago á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 239.350,59 euros máis IVE e un prazo de execución de 5,4 meses. Nesta obra ocuparanse 30 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 7 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de rehabilitación e sinalización do Camiño de Santiago a Fisterra no Concello de Santiago á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, S.A., por importe de 312.137 euros máis IVE e un prazo de execución de 5 meses e 12 días. Nesta obra ocuparanse 25 persoas, das que 20 están integradas na empresa e 5 son de nova contratación.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de reforma e acondicionamento de edificios da rede de centros socioculturais (A Trisca, Conxo, Vite, Amio, Busto, Marantes, Grixoa, Nemenzo, Lamasal) á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 259.000 euros máis IVE e un prazo de execución de 189 días. Nesta obra ocuparanse 26 persoas, das que 17 están integradas na empresa e 9 son de nova contratación.

80.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa ao nomeamento dos membros da Comisión de expertos para a provisión do posto de director/a da Banda Municipal de Música.

Noméanse as seguintes persoas

- Silvia Modia, subdirectora do Auditorio
- Marcel van Bree, director da Banda Municipal da Coruña
- Asterio Leira Piñeiro, profesor do Conservatorio superior de Música de Vigo
- Oriol Roch Izard, director técnico da Real Filharmonía
- José Javier Ces Calvo, membro da Banda Municipal de Santiago de Compostela.

81.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación das actividades incluídas no programa CORRELINGUA 2009.

Apróbanse as actividades e un orzamento de 5.740 euros.

82.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do convenio de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias.

Acórdase a presentación da solicitude do devandito convenio de cooperación polo que a Consellería de Sanidade achega 102.000 euros e o Concello 24.480 euros (en dúas anualidades).

83.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación da programación "Maio das Letras 2009".

Apróbase o programa de un orzamento de 29.647,18 euros.

84.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á solicitude de subvención para a realización dunha actividade de concienciación e sensibilización sobre os valores da igualdade e da corresponsabilidade no ámbito do fogar.

Acórdase solicitar a subvención por importe de 6.000 euros.

85.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa ao desenvolvemento do programa de prevención de drogodependencias.

Apróbase un orzamento de 6.207 euros para o programa, cuido desenvolvemento se adxudica á asociación CHISEM.

86.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa ao subministro de diverso material microinformático para diversos departamentos.

Apróbase a contratación do devandito subministro por importe 17.782 euros e adxudícase á empresa ADINFO.

87.- Solicitude da Sociedade Estatal de conmemoracións Culturais de autorización para fotografar documentos do Concello sites no Arquivo Histórico da USC.

Apróbase a autorización.

88.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación dos criterios de acceso ao programa de Actividade Física Adaptada.

Acórdase flexibilizar os criterios de inscrición para facilitar a participación do maior número de colectivos posibles.

89.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais dando conta da concesión de subvencións para o programa LETRAS VIVAS 2009, e para expedición das retencións de crédito.

Dáse conta da concesión de tres subvencións para os programas "Letras Vivas Creación" (1.425 euros), "Letras Vivas Animación" (5.317 euros) e "Ciclobibliotecas" (350 euros), aos que o Concello achega, respectivamente, 475, 3.544 e 350 euros.

90.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Alleamento de 3 parcelas municipais do proxecto de compensación do Plan Parcial do SUNP-25 de ROXOS.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación do devandito alleamento, establecendo os seguintes prezos mínimos en función de cada parcela:

- Parcela R.1.2: 223.246,60 euros máis IVE.
- Parcela R.1.3: 711.915,62 euros máis IVE.
- Parcela R.1.4: 295.233,12 euros máis IVE.

URXENCIAS

1.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas á rectificación do punto número 46 da sesión de 14.4.09, e á contratación dun arquitecto para a aplicación das normas do Hábitat.

Procédese á rectificación e modificación do devandito punto, imputando ao capítulo I do orzamento municipal 17.404,75 euros en lugar dos 15.634,94 imputados inicialmente, cantidade que achega o Concello para efectuar a contratación.

2.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Colexio de avogados de Santiago para o servizo de asistencia xurídica especializada para a vía administrativa previa.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 5.000 euros para o devandito servizo.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á adquisición de bens incluídos no proceso de liquidación da SD Compostela SAD.

Apróbase a adquisición dos bens que figuran en varios lotes incluídos no plan de liquidación da SD Compostela, polo total de 64.000 euros.